

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 1674/2024

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 14 de marzo de 2024 Núm. 062, publícase a convocatoria a selección de persoal temporal mediante a modalidade de funcionario interino e por un **procedemento de urxencia**, segundo o disposto no artigo 33 da LPACAP, atendendo á razón de interese público de necesaria cobertura con urxencia da praza, toda vez que se atopa vacante e o Concello de Viveiro, co volume administrativo existente, non conta con máis prazas que poidan encargarse do mantemento informático e ofimático que resulta imprescindible para o funcionamento normal dos servizos administrativos, no referido departamento prioritario do Concello.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo que regulan, para o ingreso como persoal funcionario interino por vacante como programador e responsable de mantemento informático e ofimático polo sistema concurso-oposición, acceso libre.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) **Lista provisional.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome das persoas aspirantes e se están admitidas ou excluídas e exentas ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega, así como no seu caso, os defectos a corrixir. No caso dos persoas aspirantes excluídas especificarase o motivo de exclusión e se esta é rectificable..."

Vista a base xeral 8.2, que sinala: "(...) **Prazo de alegacións e corrección de Anexo II e documentación referente á exclusión (documentos a), b) e c) do artigo 6 das presentes bases), ou de documentación referente aos apartados d) e) e f).-** Esta lista provisional publicarase no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible corrección no prazo de (5) cinco días hábiles trala publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá corrixir a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e e). En ningún caso se poderá achegar, ao respecto dos méritos a valorar, méritos non achegados no prazo de presentación de instancias, incluso aínda que fosen referenciados no Anexo II se non fosen acreditados documentalmente nese momento.

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningunha persoa aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

Tendo en conta que o punto 8.2 establece un prazo de subsanación, tanto de méritos como da acreditación do nivel de galego esixido, que será de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

Vista a documentación presentada polos aspirantes presentados ao proceso.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de programador e responsable de mantemento informático e ofimático:



## Concello de Viveiro

### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	ALONSO PÉREZ PABLO	<b>NON EXENTA</b> <b>(Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) e punto 6.e das bases xerais).</b>
2	FERNÁNDEZ ARMESTO MIGUEL	<b>NON EXENTA</b> <b>(Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) e punto 6.e das bases xerais).</b>
3	GARCÍA LÁZARO MIGUEL	<b>EXENTA</b>
4	GARCÍA LOMBARDIA, IVAN	<b>EXENTA</b>
5	PAZ MAZOY MIGUEL ANGEL	<b>EXENTA</b>
6	VALE BALTAR JOSE MANUEL	<b>NON EXENTA</b> <b>(Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) e punto 6.e das bases xerais).</b>
7	VÁZQUEZ PAJÓN YOLANDA	<b>NON EXENTA</b> <b>(Prazo de 5 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) e punto 6.e das bases xerais).</b>

### B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	DÍAZ LANDROVE SANTIAGO	<b>EXENTA</b>	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión da titulación académica esixida (Base Xeral ptos. 4 b) e 6 c) “(…)” <b>b) Copia da titulación académica esixida nas</b>



## Concello de Viveiro

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
			<p>presentes Bases do posto para o que se convoca o presente proceso selectivo, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela, achegando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. "(...)Formación Profesional de grao medio da familia profesional de informática e comunicación da LOE ou LOGSE, FP de grao superior da familia informática e comunicación da LOE ou LOGSE, en Universidades públicas ou privadas..."</p> <p><b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b></p>

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indican.

**SEGUNDO.-** Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, segundo establece a base xeral 8.2, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
ALONSO PÉREZ PABLO	<b>Prazo de cinco días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>
DIAZ LANDROVE SANTIAGO	<b>Prazo de cinco días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>
FERNÁNDEZ ARMESTO MIGUEL	<b>Prazo de cinco días</b>



## Concello de Viveiro

	<b>hábeles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>
VALE BALTAR JOSE MANUEL	<b>Prazo de cinco días hábeles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

***(Documento asinado dixitalmente á marxe)***

